



O CITIC presenta os resultados de 2018

O centro salienta a xestión de 4,36 millóns de euros en recursos



O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña presentou os resultados da actividade investigadora do centro durante o ano 2018. Durante o acto, que tivo lugar o 21 de decembro, tamén se presentaron catro dos seus proxectos colaborativos.

O director do CITIC, Manuel F. González Penedo, foi o encargado de amosar os principais indicadores de resultados do centro, destacando a xestión dun total de 4,36 millóns de euros en recursos. O director quixo salientar que case o 50 % dos contratos proveñen do sector empresarial, evidenciando así o cumprimento dun dos obxectivos principais do centro, que é o fomento da transferencia tecnolóxica e de coñecemento ao tecido produtivo.

Presentáronse tamén nesta xornada os resultados de catro proxectos colaborativos do

CITIC: CONCORDANCE, para a prevención de colisións para UAV utilizando técnicas de *deep learning* e sensórica optimizada; SC-IM-HW, que busca a optimización de métodos de selección de características baseados en información mutua para arquitecturas hardware non convencionais; eCOAR, un sistema automático para a detección de anomalías e control da calidade en eficiencia enerxética, confort térmico e calidade do aire en edificacións; e TREBOADA, que utiliza técnicas de predición de precipitación mediante sensores de baixo custe e aprendizaxe máquina.

Ademais, previo ás presentacións, tivo lugar o Comité de Dirección, ao que asistiron o secretario Xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro; o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, Salvador Naya; o director e subdirector do CITIC, Manuel F. González Penedo e Javier Pereira, respectivamente; e os investigadores principais do centro. ■

Achegando as carreiras tecnolóxicas aos estudantes

O Centro de Investigación TIC, CITIC, ao abeiro do seu obxectivo de achegar a ciencia á mocidade e espertar o talento que as rapazas e rapaces levan dentro, organizou en decembro unha charla divulgativa. Nela participaron máis dun centenar de estudantes de primeiro e segundo de Bacharelato do IES Universidade Laboral da Coruña. Na cita, entre outras cousas, mostráronselles as investigacións e os proxectos máis salientábeis nos que está a traballar a comunidade científica do CITIC.

Na primeira parte da charla, Salvador Naya, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC presentou as novas titulacións da Universidade da Coruña, como o Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, para continuar cunha exposición de proxectos de I+D que se desenvolven no ámbito dos modelos e métodos estatísticos e matemáticos, unha das áreas de investigación do CITIC da UDC.

Na segunda metade da charla, Jesús Díaz, da área de transferencia do CITIC e profesor de matemáticas do IES Universidade Laboral, continuou a exposición falando das diferentes áreas tecnolóxicas do CITIC que conforman as liñas de investigación do centro. Expuxo diferentes proxectos do centro desde un punto de vista divulgativo trasladándolles aos alumnos conceptos como que é a visión artificial, a Intelixencia Artificial ou a análise de información masiva (Big Data).